

HISTORIA DE ESPAÑA


OPCIÓN A

ORIENTACIÓNS: A partir dos seguintes documentos debes elaborar unha composición sobre o final do franquismo e o inicio da transición democrática. Na redacción debes abordar as seguintes cuestións: A incerteza política, a conflictividade social e a crise económica que marcan o período; as posturas políticas enfrontadas, dende o inmobilismo ata a proposta rupturista; a apertura dunha vía reformista cara á democracia. Lembra que non se trata de responder a preguntas illadas, senón de realizar unha composición coherente e argumentada, e que na avaliación se terán en conta os coñecementos, a utilización dos documentos e a corrección da expresión escrita.


Doc.1. Extracto do comunicado no que ETA reivindica o atentado contra Carrero Blanco en 1973:

“A operación que ETA realizou contra o aparato de poder da oligarquía española na persoa de Luis Carrero Blanco, debe interpretarse como xusta resposta revolucionaria da clase traballadora e de todo o noso pobo vasco (...). Luis Carrero Blanco, un home duro, violento nas súas posicións represivas, constituía a peza clave garante da continuidade e estabilidade do sistema franquista (...)”.

Doc.2. Evolución do número de folgas en España entre 1971 e 1975:



Doc.3. Viñeta humorística alusiva á crise económica, publicada na revista satírica *Por favor* en 1975:



Doc.4. Discurso de J. A. Girón de Velasco ao ser nomeado presidente da *Confederación Nacional de Excombatientes* (novembro de 1974):

“Incúmbenos a mesma responsabilidade que, por razóns de honor, nos botou ao monte en 1936 (...). O compromiso desta hora reside, por tanto, en evitar que sobre aquel holocausto e aquel sacrificio se corra hoxe un estúpido velo (...). Aquí pasaron moitas cousas e han pasar moitas máis (...). Impúlsanos o deber de pechar o paso aos que queren arrebatarnos a vitoria”.

Doc.5. Propostas da *Junta Democrática*, feitas públicas en París en xullo de 1974:

1. A formación dun Goberno provisional que substitúa ao actual para devolver ao home e á muller españois (...) o recoñecemento legal de todas as liberdades, dereitos e deberes democráticos.
2. A amnistía absoluta de todas as responsabilidades por feitos de natureza política ou sindical.
3. A legalización dos partidos políticos, sen exclusións (...).
11. A celebración dunha consulta popular (...) para elixir a forma definitiva do Estado”.

Doc.6. Logo da dimisión de Arias Navarro, o primeiro consello de ministros presidido por Suárez dá a coñecer o seu programa de goberno. Así o recolle o xornal *El País* (17 de xullo de 1976):

“<O Goberno ten o propósito de elevar á Súa Maxestade a recomendación de que (...) outorgue unha amnistía aplicable a delitos e faltas de motivación política ou de opinión.> Con estas palabras pecha o Goberno a súa declaración programática, aprobada no Consello de Ministros. Na mesma declaración (...) o Goberno engade claramente a súa convicción de que <a soberanía reside no pobo e proclama o seu propósito de traballar colexiadamente na instauración dun sistema político democrático, baseado na garantía dos dereitos e liberdades cívicas, (...) e na aceptación do pluralismo real.> Tamén anuncia o Gabinete o seu propósito de convocar eleccións xerais antes do 30 de xuño de 1977”.

HISTORIA DE ESPAÑA

OPCIÓN B

ORIENTACIÓNS: *O seguinte cadro recolle cinco fragmentos de textos constitucionais que ilustran sobre as institucións e/ou persoas que son depositarias da soberanía en cada un deles. Na redacción, debes abordar as seguintes cuestións: contextualización de cada constitución nun período concreto; réximes políticos que instauran ou representan; modelos de soberanía (compartida, nacional, popular) que reflicten. Lembra que non se trata de responder a preguntas illadas, senón de realizar unha composición coherente e argumentada, e que na avaliación se terán en conta os coñecementos, a utilización dos documentos e a corrección da expresión escrita.*

Constitución de 1812	Constitución de 1837	Constitución de 1845	Constitución de 1869	Constitución de 1876
<p>“As Cortes xerais e extraordinarias da nación española (...) decretan a seguinte Constitución: (...) Art. 3. A soberanía reside esencialmente na nación e polo tanto pertence a esta exclusivamente o dereito de establecer as súas leis fundamentais”.</p>	<p>“Sendo a vontade da nación revisar, en uso da súa soberanía, a Constitución política promulgada en Cádiz o dezanove de marzo de mil oitocentos doce, as Cortes Xerais congregadas a este fin, decretan e sancionan a seguinte Constitución da Monarquía Española”.</p>	<p>“Dona Isabel II, pola graza de Deus e da Constitución da Monarquía Española, Raíña das Españas (...), sabede: Que sendo a nosa vontade e a das Cortes do Reino regularizar e poñer en consonancia coas necesidades actuais do Estado (...), modificando ao efecto a Constitución promulgada o 18 de xuño de 1837, viñemos, en unión e de acordo coas Cortes actualmente reunidas, en decretar e sancionar a seguinte Constitución da Monarquía Española”.</p>	<p>“A Nación Española, e no seu nome as Cortes Constituíntes elixidas por sufraxio universal, desexando afianzar a xustiza, a liberdade, a seguridade (...), decretan e sancionan a seguinte Constitución”. (...)Art. 32. A soberanía reside esencialmente na nación, da que emanan todos os poderes”.</p>	<p>“Don Alfonso XII, pola Graza de Deus Rei constitucional de España (...), sabede: que en unión e de acordo coas Cortes do Reino actualmente reunidas, viñemos en decretar e sancionar a seguinte Constitución da Monarquía Española”.</p>



HISTORIA DE ESPAÑA

OPCIÓN A

ORIENTACIÓNS: *Os seguintes documentos permiten realizar unha composición sobre a cuestión nacional en España. Na redacción debes abordar as seguintes cuestións: As pretensións centralizadoras e uniformizadoras do Estado liberal; o xurdimento de movementos reivindicativos de carácter periférico sobre todo no País Vasco, Cataluña e Galicia; o contraste entre o tratamento deste asunto por parte da democracia republicana e da ditadura franquista. Lembra que non se trata de responder a preguntas illadas, senón de realizar unha composición coherente e argumentada, e que na avaliación se terán en conta os coñecementos, a utilización dos documentos e a corrección da expresión escrita.*

Doc.1. José Ortega y Gasset, na súa obra *España invertebrada* (1921), destaca a responsabilidade do poder central no xurdimento dos nacionalismos:

“Un dos fenómenos máis característicos da vida política española nos últimos vinte anos foi a aparición de rexionalismos, nacionalismos, separatismos; isto é, movementos de secesión étnica e territorial (...).

O propósito deste ensaio é corrixir a puntería do pensamento político ao uso, que busca o mal radical do catalanismo e biscaitarrismo en Cataluña e Biscaia, cando non é alí onde se encontra. ¿U-lo, pois?

Para min isto non ofrece dúbida: cando unha sociedade se consome vítima do particularismo, pode afirmarse que o primeiro en amosarse particularista foi precisamente o Poder central. E isto é o que pasou en España.

Castela fixo a España, e Castela desfíxoala”.

Doc.2. Deus e Lei Vella segundo Sabino Arana (Regulamento de *Euskeldun Batzokija*, 1894):

Art.3. Jaungoikua. Biscaia será católica-apostólica-romana en todas as manifestacións da súa vida interna e nas súas relacións cos demais pobos.

Art.4. Lagizarra. Biscaia constituirase libremente. Restablecerá en toda a súa integridade o esencial das leis tradicionais chamadas Fueros. Restaurará os bos usos e costumes dos nosos devanceiros. Constituirase, senón exclusivamente, principalmente con familias de raza euskeriana. Sinalará ao Euskera como lingua oficial”.

Doc.3. Prat de la Riba (*La Nacionalitat Catalana*, 1906) defende a idea dun Estado catalán integrado nunha federación española:

“Consecuencia de toda a doutrina aquí exposta é a reivindicación dun Estado Catalán, en unión federativa cos estados das demais nacionalidades de España. Do feito da nacionalidade catalá nace o dereito á constitución dun Estado propio, o Estado Catalán. Do feito da unidade política de España, do feito da convivencia secular de distintos pobos, nace un elemento de unidade, de comunidade, que os pobos unidos deben manter e consolidar. De aquí un Estado composto”.

Doc.4. Manifiesto da *Asamblea Nazonalista de Lugo* (1918):

“Tendo Galicia todas as características esenciais da nacionalidade, nós nomeámonos, de hoxe para sempre, nacionalistas galegos, xa que a verba ‘rexionalismo’ non recolle todas as aspiracións nin encerra toda a intensidade dos nosos problemas (...).

1º. Autonomía integral para Galicia (...).

3º. Cooficialidade dos idiomas galego e castelán.

4º. Federación da Iberia”.

Doc.5. Constitución de 1931:

“Art.1. (...) A República constitúe un Estado integral, compatible coa autonomía dos Municipios e das rexións (...).

Art.11. Se unha ou varias provincias limítrofes, con características históricas, culturais e económicas comúns, acordaran organizárense en rexión autónoma para formar un núcleo político-administrativo, dentro do Estado español, presentarán o seu Estatuto...”.

Doc.6. Texto de *Historia de España para primeiro curso de Bacharelato* (1945):

“Os Reis Católicos puxeron no seu escudo a aguiá, o xugo e as frechas, emblemas que pasaron ao escudo de España (...). España, agora coma entón, necesita: unidade relixiosa (...); unidade política, isto é, que teñamos un só xefe ou Caudillo; unidade territorial, ou sexa, que formemos un só pobo sen divisións nin separatismos; unidade moral, é dicir, que todos aspiremos a un mesmo destino”.

Doc.7. Panfleto impreso e distribuído en A Coruña en 1947:

HABLE BIEN

Sea Patriota – No sea bárbaro

Es de cumplido caballero que Vd. hable nuestro idioma oficial o sea el castellano. Es ser patriota.

VIVA ESPAÑA Y LA DISCIPLINA Y NUESTRO IDIOMA CERVANTINO

¡¡ARRIBA ESPAÑA!!

HISTORIA DE ESPAÑA

OPCIÓN B

ORIENTACIÓNS: *Os seguintes textos permiten a elaboración dunha composición que teña por tema central a evolución política durante o reinado de Fernando VII, entre 1814 e 1833. Na redacción debes tratar as seguintes cuestións: A permanente tensión entre a persistencia do Antigo Réxime e a loita pola instauración do liberalismo; as distintas etapas do reinado, salientando as diferenzas entre elas; o pronunciamento militar como recurso para acadar o cambio político. Lembra que non se trata de responder a preguntas illadas, senón de realizar unha composición coherente e argumentada, e que na avaliación se terán en conta os coñecementos, a utilización dos documentos e a corrección da expresión escrita.*

Doc.1.-Decreto de anulación da Constitución de 1812 e da obra lexislativa das Cortes de Cádiz (1814):

“As Cortes (...) no mesmo día da súa instalación (...) despoxáronme da soberanía, pouco antes recoñecida polos mesmos deputados, atribuíndoa nominalmente á nación para apropiála para si eles mesmos e dar a esta, despois sobre tal usurpación, as leis que quixeron, impoñéndolle o xugo de que forzosamente as recibise nunha nova Constitución (...); e ao que era verdadeiramente obra dunha facción, revestíase (...) de vontade xeral (...).

Declaro que o meu real ánimo é non só non xurar nin acceder á dita Constitución nin a decreto ningún das Cortes xerais e extraordinarias e das ordinarias actualmente abertas, a saber, os que sexan depresivos dos dereitos e prerrogativas da miña soberanía (...), senón o declarar aquela Constitución e tales decretos nulos e de ningún valor nin efecto, agora nin en tempo ningún, coma se non tivesen pasado xamais tales actos”.

Doc.2.-Manifesto que dirixe á Nación española a Xunta Provincial de Galicia, presidida por Juan Díaz Porlier, en 1815:

“Españóis: (...). Obrigados pola necesidade, vendo que a verdade non pode chegar aos oídos do rei, sitiado a toda hora polos seus conselleiros (...), tomamos a terrible, pero indispensable, resolución de reclamar coas armas na man o que se negou ás nosas solicitudes.

O noso obxecto é o de España enteira: unha monarquía sometida a leis xustas e sabias, e constituída dun xeito que sexa garantía, o mesmo das prerrogativas do trono que dos dereitos da nación. Pedimos a convocatoria de Cortes nomeadas polo pobo, e que estas teñan liberdade de facer na Constitución proclamada polas Cortes extraordinarias, os cambios que esixe a nosa situación”.

Doc.3.-Fernando VII acepta a Constitución de Cádiz o 10 de marzo de 1820:

“Mentres eu meditaba maduramente coa solicitude propia do meu paternal corazón as variacións do noso réxime fundamental que parecían máis adaptables ao carácter nacional e ao estado presente das diversas opcións da monarquía española, así como máis análogas á organización dos pobos ilustrados, fixéstesme comprender a vosa arela de que se restablecese aquela Constitución que entre o estrondo das armas hostís foi promulgada en Cádiz no ano de 1812, ao propio tempo que con asombro do mundo combatiades pola liberdade da patria. Oín os vosos votos, e como tenro pai condescendín ao que os meus fillos consideran que conduce á súa felicidade. Xurei esa Constitución pola que deveciades, e sempre serei o seu máis firme apoio (...). Marchemos francamente, e eu o primeiro, pola senda constitucional (...)”.

Doc.4.-Logo da intervención da Santa Alianza, Fernando VII anula en 1823 os actos do goberno constitucional:

“Sentado xa outra vez no trono de San Fernando pola man sabia e xusta do Omnipotente, polas xenerosas resolucións dos meus poderosos aliados e polos denodados esforzos do meu primo, o duque de Angulema, e o seu bravo exército, desexando prover o remedio ás máis urxentes necesidades dos meus pobos, e manifestar a todo o mundo a miña verdadeira liberdade, vin decretar o seguinte:

1º. Son nulos e de ningún valor todos os actos do goberno chamado constitucional (de calquera clase e condición que sexan) que dominou os meus pobos desde o 7 de marzo de 1820 ata hoxe 1 de outubro de 1823, declarando, como declaro, que en toda esta época carecín de liberdade”.

Criterios de Avaliación / Corrección

Con carácter xeral, e aínda que a cualificación sexa outorgada de maneira global (0-10), na avaliación teranse en conta os seguintes aspectos: presentación e comprensión xeral do tema abordado, elaboración persoal deste utilizando os documentos propostos e respondendo a cuestións presentadas nas orientacións, e coñecementos específicos sobre os asuntos que deben ser tratados. Transversalmente, valorarase a capacidade do alumno/a de realizar unha redacción clara, coherente e con certo rigor conceptual.

CONVOCATORIA DE XUÑO

OPCIÓN A

Como tema a desenvolver, o período final da ditadura franquista e os comezos dunha transición democrática reformista, atendendo aos asuntos tratados nos documentos e desenvolvendo as cuestións mencionadas nas orientacións:

- A decadencia do réxime e a inviabilidade da súa permanencia.
- O contexto de crise económica e conflictividade no que se desenvolve o período.
- O enfrontamento entre propostas políticas incompatibles entre si, caracterizándoas no esencial.
- A plasmación concreta da vía reformista iniciada dende o primeiro goberno de Suárez, exemplificada en medidas como a reforma política, a amnistía ou as eleccións de xuño de 1977.

OPCIÓN B

Como tema abordado, os distintos modelos de soberanía e de exercicio do poder reflectidos nas constitucións, dando resposta no seu desenvolvemento ás cuestións mencionadas nas orientacións:

- A contextualización de cada unha nun período concreto: Cortes de Cádiz/Guerra da Independencia, Rexencia, Monarquía isabelina, Sexenio, Restauración.
- Caracterización dos distintos modelos de soberanía: compartida, nacional, popular.
- Trazos esenciais dos réximes políticos que instauran ou representan.

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

OPCIÓN A

Como tema a desenvolver, a cuestión nacional en España dende as orixes dos movementos nacionalistas ata a ditadura franquista, atendendo aos asuntos tratados nos documentos e desenvolvendo as cuestións mencionadas nas orientacións:

- O centralismo político e a homoxeneización cultural do Estado liberal.
- O nacemento e desenvolvemento de forzas periféricas nacionalistas, caracterizándoas no esencial e entendéndoas como un ingrediente da crise da Restauración.
- A apertura autonomista na Constitución republicana de 1931, aludindo aos principais avatares dos procesos estatutarios catalán, vasco e galego.
- A defensa franquista dunha *España unida* e a represión política e cultural fronte a calquera pretensión diferencialista.

OPCIÓN B

Como tema a abordar, a evolución e periodización política do reinado de Fernando VII, tendo en conta os documentos e dando resposta ás cuestións mencionadas nas orientacións:

- O reinado de Fernando VII como crise definitiva do Antigo Réxime, cunha loita permanente entre o liberalismo que aparece primeiramente representado nas Cortes de Cádiz e o absolutismo monárquico, caracterizando no básico ámbolos dous (por exemplo no referido á soberanía, ao ordenamento político e institucional...).
- Diferenciación, en relación con esa tensión, entre as tres etapas polas que atravesara o reinado: restauración absolutista a partir de 1814, Trienio Constitucional entre 1820 e 1823, década ominosa ata a morte do monarca.
- O pronunciamento militar como instrumento para promover cambios políticos; a este respecto é pertinente que aparezan alusións a etapas posteriores da historia de España, salientando o protagonismo político do exército.